

*No Horto das Oliveiras, quen estaba de máis?*

René Char

Non hai corazón que resista, nin razón que sosteña este múltiple desvarío. Todos somos vítimas e culpábeis por acción ou omisión, franquías dunha mesma violencia que nos destrúe. A efusión dunha guerra non fai distincións entre unha pomba abatida e unha aguia en extinción. Os cans da barbarie non lle fan melindres a ningún cadáver.

A verdade é un paxaro doente que vai de póla en póla nunha árbore esmoucada polas balas. Sobrevive sometida á falacia no impenetrábel bosque dos ananos.

Ninguén sabe xa o que é a conciencia, os máis vellos do lugar gardaran no peito os restos para deixarllos en herdanza á humanidade, pero foron saqueados na noite da aleivosía. Arestora a testa da maledicencia destaca sobre o fondo da ignorancia. A hipocrisía estremece o pensamento. A inocencia espreita unha saída, mais a porta está pechada.

A palabra coroada pola ferida sangra pensamentos incertos, destinados a fornecer un discurso inconexo que amanse a furia a ruxir dentro.

Convivimos cada día co sopro da morte na caluga, sen ningún futuro á vista, maldicindo un final impredicíbel, cercados polo medo.